

PREPARA O TEU TRABALLO

1 Le o seguinte anuncio e responde.

QUERES COÑECER CITIMAR?

URBANRUTA ofréceche
dous xeitos de descubrir a cidade:

 Citimar
a cabalo

 Citimar
desde o aire

Se queres máis información, envía un correo
electrónico a citimar@urbanruta.com

- De que informa o anuncio?
- Que ruta che gustaría facer?
- Que tes que facer para obter máis información?

2 Que preguntarías para coñecer estes datos sobre a ruta elixida? Escribe.

- Percorrido
- Horario
- Prezo
- Duración

DEMOSTRA QUE O SABES FACER

3 USA AS TIC. Escribe un correo electrónico seguindo este modelo.

Enderezo electrónico	Para: diverarte@diverarte.com
Obxectivo do correo	Asunto: Información sobre a visita ao museo
Salúdo	Estimados señores de Diverarte:
Motivo do correo	Gustaríame que me informasen sobre a visita que van facer ao Museo Municipal:
Información que se pide	1. Que día se vai realizar a actividade? 2. Cómpre reservar a praza antes?
Agradecemento	Grazas pola súa atención.
Despedida	Saúdos cordiais,
Sinatura	Uxía Crespo